

UNHA VIAXE A MÉRIDA: Moito que ver e algunhas cousas que comentar

FELIPE ARIAS VILAS

Entre os días 15 e 17 de maio de 1993, dentro do programa de actividades da Asociación nese ano, realizouse unha Viaxe de estudos e lecer, ata Mérida, pasando por toda a franxa occidental de Castilla-León e polo Norte de Extremadura. A excursión, na que participaron unhas 40 persoas, resultou sumamente positiva e enriquecedora, aínda que, como acostuma pasar nestas viaxes, o tempo fíxose escaso tendo en conta a inxente cantidade de lugares e cousas que ver e de paraxes que disfrutar.

Precisamente por esa premura de tempo, deixouse para outra viaxe posterior (á zona leonesa e astur), o conxunto arqueolóxico e monumental de Astorga.

Pouco habería que comentar da estadia (comida incluída) en SALAMANCA, probablemente (xunto con Santiago e Cáceres) o conxunto máis senlleiro da España occidental. A Catedral («Nueva» e «Vieja») ofrece un patrimonio abondo para merecer ela soa a visita comentada, e a ela hai que unir outros elementos urbanos, tamén visitados, como a ponte romana, a churrigueresca Praza Maior, a sobria Clerecía, a curiosa Casa de las Conchas, as afamadas Escuelas Menores e a Universidade (coa esquiiva rá incluída), ou en fin, o propio casco histórico, como diciamos, un dos de maior carácter de toda España.

Unha vez pasada a Serra de Béjar e os Baños de Montemayor, (por onde ía, e vai, a chamada Vía ou Calzada da Prata -de Astorga a Cádiz- e cun conxunto termal de orixe romana), a seguinte parada foi en PLASENCIA, cidade de vello señorío episcopal, con Catedral e outros aspectos de interese, mesmo «ecolóxico»: ata 17 cegoñas contou algún desde a porta do conxunto catedralicio.

En Plasencia pódose observar como «en todas partes cocen fabas»: os restos dunha gran igrexa, probablemente conventual, estaban sendo derrubados con maquinaria pesada para algún tipo de obra pública ou privada.

CÁCERES foi a última parada (e cea) antes de chegar a Mérida. Con toda a razón do mundo, é unha cidade declarada pola UNESCO como Patrimonio da Humanidade desde 1986, pois os elementos histórico-artísticos que garda así o xustifican, pero aínda máis se resaltamos a boa conservación de todo o conxunto. Outros cascos históricos, algúns ben cercanos e que tamén queren aquela declaración da UNESCO para os seus monumentos, poderían mirarse no espello de Cáceres á hora de protexer e promover o seu, como esta cidade fai coas súas murallas medievais (con base romana e coas súas portas e a Torre del Bujaco), as súas rúas e prazas coa mesma disposición que hai 500 anos, ou cos seus monumentos singulares como a Praza

Maior, a Concatedral de Sta. María ou o Palacio de los Gólfines. Foi unha mágoa que a premura de tempo e a hora de visita nos impedira ver o interesante e ben montado Museo Arqueolóxico Provincial, instalado na Casa de las Veletas.

MÉRIDA merece un comentario algo máis demorado. Como cidade histórica, os seus restos e monumentos, mormente romanos, visigodos e hispano-árabes, desbordarían as breves notas que podemos facer aquí.

Loxicamente, visitáronse os conxuntos do Teatro e Anfiteatro, con tódolos restos do seu redor (algúns por certo «machacados» por un contorno urbano desafortunado), así coma o Templo de Marte, a extensa Alcazaba, (desde a que se pode advertir o contraste entre a longa ponte romana e a recentemente construída sobre o mesmo Guadiana), e incluso se veu, fóra de Mérida, o chamado Pantano romano de Proserpina.



En resumo, pode dicirse que Mérida conserva ben, en xeral, o seu Patrimonio arqueolóxico «in situ», como debe ser cando se trata de restos importantes, pero tamén é certo que existiron desfeitas abundantes e soadas, e que a ordenación, disposición e aspecto de rúas e edificacións modernas non é, en moitos casos, amáis axeitada a tan senlleira e histórica cidade.

Pero a maior parte do tempo da visita a Mérida, ocupouna o seu Museo Nacional de Arte Romano, que ven sendo, «mutatis mutandis», coma un gran Museo Monográfico de Mérida, como enorme xacemento romano que é.

Hoxendía xa existe unha abundante bibliografía sobre este Museo. Desde o punto de vista arquitectónico xa se ten analizado o singular edificio de Rafael Moneo, de indubidables e ben traídas referencias romanas e que, de seu, xa constitúe unha verdadeira obra de arte. E ese é precisamente o que se considera o gran «erro» da obra de Moneo: o continente pode máis có contido; o edificio, lonxe de realizar as impresionantes coleccións arqueolóxicas, mesmo as minimiza nalgúns casos e, desde logo, as mediatiza na súa exposición. A chamada «fossilización» dalgúns vitrinas adosadas ás paredes, o determinismo presente na circula-

ción e, en xeral, na exposición dos fondos, ten sido e aínda é moi discutido.

En calquera caso, é unha obra extraordinaria, que alberga un importantísimo Patrimonio arqueolóxico, ben representativo da Romanización máis «clásica» de Hispania, e que incluso garda «in situ», no seu soto, restos da trama urbana de Emérita Augusta.

Hai que agradecer tamén desde aquí ós responsables do Museo de Mérida, que poideramos ver asimesmo as súas instalacións e servicios internos, que a máis dun lle causaron unha sá envexa ante as precariedades doutros centros...

A viaxe de volta fíxose, como de costume, máis á presa, pero sen descoirdar as visitas de lugares de interese. Foron estes: a vila de HERVÁS, co seu curioso Barrio Xudeu (e onde choveu como alí non recordaban noutra primavera, xusto o tempo que durou a visita); a cidade amurallada de ZAMORA, coa súa Catedral de emblemáticos cimborrio e torre, e igrexas como as de S. Pedro ou da Magdalena; e, como último punto da viaxe, a igrexa visigótica de S. PEDRO DE LA NAVE, (tan interesante que ata o conductor do autobús baixou a vela...), trasladada pedra a pedra e cos seus relevos figurados e xeométricos, por mor dun embalse do río Esla.

As leccións desta viaxe poideron ser, pois, múltiples e moi variadas, segundo o interese de cada quen. Algúns aproveitaron a documentación e o dossier facilitado, como de costume, ó comezo da excursión, para aumentar o seu caudal erudito, e outros tiveron ocasión para animar a súa curiosidade pola Cultura e a Historia. Deste xeito, cumpriuse unha vez máis, un dos obxectivos e fins da Asociación de Amigos do Museo.

